

O SOÑO DE MATÍAS

Texto e ilustracións de LEO LIONNI

Tradución de XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ

Encadernado en cartón. 22 x 27,5 cm. 36 páx. 16 €

PREMIO CHILDREN'S CHOICE IRA-CBC
(International Reading Association – Children's Book Council)

O soño de Matías (galego)

ISBN 978-84-8464-794-2. Tras os montes.

El sueño de Matías (castelán)

ISBN 978-84-92608-65-2. Clásicos contemporáneos.

El somni d'en Mateu (català)

ISBN 978-84-8464-988-5. Clàssics contemporanis.

Matiasen ametsa (euskara)

ISBN 978-84-7681-755-1. Gaur egungo klasikoak.

O sonho de Mateus (português)

ISBN 978-989-8205-82-7. Clássicos contemporâneos.

...Os ratos eran moi pobres, mais tiñan postas todas as súas esperanzas en Matías. Medraría e quizais chegase a ser médico.

Daquela, poderían tomar queixo parmesano no almorzo, no xantar e na cea. Pero cando lle preguntaban a Matías que era o que quería ser, el respondía:

–Non sei... Quero ver mundo.

A arte, como escaparate de coñecemento e de cultura do mundo enteiro; como expresión de creatividade e de liberdade; como camiño para transformar a realidade. A primeira visita a un museo cambiaralle a vida a Matías e serviralle para enfocar as súas aspiracións: de vivir nun humilde faiado a viaxar e a expoñer as súas propias obras en salas de prestixio internacional.

Leo Lionni achéganos a algúns estilos, dende o clasicismo dos retratos históricos e dos bodegóns, ata vangardas pictóricas como o impresionismo, o cubismo ou o surrealismo. «O soño de Matías» é un álbum para iniciar o público infantil na educación estética e na interpretación das formas e das cores. A través dunha historia cercana e chea de fantasía, e cunhas ilustracións descritivas dunha enorme riqueza cromática feitas coa técnica do collage, o autor comparte cos lectores as súas dúas grandes paixóns: a arte e a música, que marcaron a súa nenez e que o converteron nun dos principais referentes da literatura infantil actual.



■ **Temática:** a arte.

■ **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.

■ **Aspectos destacables:** clásico da literatura infantil; estilos pictóricos, museos; do autor de «[Frederick](#)», «[Cornelio](#)», «[Paso a paso](#)», «[Nadarín](#)», «[A casa máis grande do mundo](#)», «[Pequeno Azul e Pequeno Amarelo](#)», «[Álex e o rato de corda](#)» e da serie «[Cores](#)» e «[Números](#)» (KALANDRAKA).

■ **Avance del libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/o-sono-de-matias-g>

Leo Lionni

(Amsterdam, 1910 - Toscana, 1999)

Leo Lionni creceu nun ambiente artístico -a súa nai foi cantante de ópera e o seu tío Piet, un afeccionado á pintura- e dende moi novo soubo que ese sería o seu destino. En cambio, a súa formación non foi artística, xa que se doutorou en Economía. En 1931 instalouse en Milán e entrou en contacto co deseño gráfico. Cando se trasladou a América en 1939, traballou nunha axencia de publicidade de Filadelfia, na Corporación Olivetti e na revista Fortune. Tamén medrou a súa reputación como artista e os seus cadros exhibíanse nas mellores galerías, dende Estados Unidos a Xapón. Como el mesmo dixo: «*Dalgún modo, nalgún lugar, a arte expresa sempre os sentimentos da infancia*». O seu primeiro libro para nenos non chegou ata 1959, e xurdiu case por casualidade: durante unha viaxe en tren ocorréuselle entreter os seus netos cun conto feito a base de anacos de papel de seda. Así naceu «Pequeno Azul e Pequeno Amarelo», ao que lle seguiron máis de 40 obras aclamadas en todo o mundo pola crítica especializada. Polos seus méritos como escultor, deseñador, pintor e ilustrador, recibiu en 1984 a Medalla de Ouro do Instituto Americano de Artes Gráficas.

<http://leolionni.wordpress.com>

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com